

BANDO

JOSE MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE DO CONCELLO DE PARADELA.

Fai saber, que a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo convocáronse distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación para o ano 2021, a través da resolución do 5 de marzo de 2021. Son dirixidas para financiar actuacións de rehabilitación de edificios e/ou vivendas, tanto exterior coma interior e así adecualos a normativa vixente, ao amparo dos seguintes programas de actuación:

- **Programa de fomento da conservación da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021:**

- *Conservación da cimentación, estrutura e instalacións, cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras incluíndo procesos de desamiantado, adecuación do interior da vivenda unifamiliar ou colectiva: como a instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade; instalación de elementos de información, sinais luminosas ou sonoras, instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior: vídeo porteiros e análogos, así coma, outro tipo de instalación domótica e avances tecnolóxicos, para favorecer a autonomía persoal de persoas maiores ou con discapacidade, etc.); é dicir, **calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do Código Técnico de Edificación (CTE), como a seguridade de utilización e accesibilidade.***

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes, é dicir, ata o **22 de abril de 2021**. Prazo de execución ata o 30 de novembro.

- **Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021, actuacións de rehabilitación e renovación de edificios e vivendas ubicadas no ámbito Camiños de Santiago:**

- ***Obras de eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas**, para redución da súa demanda enerxética de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, incluído o interior.*

- ***Obras de derrubamento de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios e vivendas de nova construción**, en substitución doutros previamente derrubados. Os novos edificios deberán ter unha cualificación enerxética mínima de B.*

- ***Obras subvencionables comprendidas no catálogo** de actuacións que figura no Axexo II da resolución.*

Prazo de presentación ata o día **30 de setembro de 2021**.

- **Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021, actuacións de rehabilitación, renovación e conservación de edificios e vivendas ubicados no ámbito de A Ribeira Sacra:**

- ***Obras de eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas**, para redución da súa demanda enerxética de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, incluído o interior.*

- ***Obras de derrubamento de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios e vivendas de nova construción**, en substitución doutros previamente derrubados. Os novos edificios deberán ter unha cualificación enerxética mínima de B.*

- ***Obras subvencionables comprendidas no catálogo** de actuacións que figura no Axexo II da resolución.*

Prazo de presentación ata o día **30 de setembro de 2021**.

Para máis información poden visitar a web: <http://www.igvs.xunta.gal>

O Alcalde.

